



Confederación Intersindical Galega

## Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

# A proposta de moderación salarial de CCOO e UGT

**A CIG manifesta o seu total rexeitamento á proposta presentada polos secretarios de CCOO e UGT, en carta dirixida ao Presidente do Goberno español, referida a aceptar un novo acordo de moderación salarial para os vindeiros anos.**

Esta proposta segue na liña iniciada en 2002, cando se asinou o **Acordo Interconfederal de Negociación Colectiva**, onde xa se contemplaba a moderación salarial. Acordo que tivo como consecuencia unha perda importante de poder adquisitivo dos salarios e unha diminución do seu peso no PIB, mentres se incrementaban as rendas do capital e os beneficios empresariais.

No actual acordo, que ten vixencia até o ano 2012, fixéronse uns topes de incrementos salariais do 1% para 2010; de entre o 1 e o 2% para 2011 e entre o 1,5 e o 2,5% para 2012. **O 2010 pechou cun incremento do IPC oficial do 3%, o que significa que os salarios xa terían perdido 2 puntos no seu poder adquisitivo ao final dese ano.**

A moderación salarial non vai favorecer a saída da crise económica, nin vai reverter no tecido produtivo, nin a promover a creación de emprego. Os acordos de moderación salarial favoreceron o incremento de beneficios empresariais que foron destinados a especular nos mercados financeiros e provocaron a perda de capacidade de consumo dos traballadores/as, que se viron abocados a endebedarse para poder acceder a bens e servizos.

**A proposta de CCOO e UGT non deixa de ser un reflexo máis da súa concepción do pacto social, que na práctica se concreta en avalar as políticas neoliberais do goberno e do capital financeiro, por máis que veñan adornadas con outro tipo de propostas en materia de política fiscal e de política de vivenda.**

Intentar convencernos de que iso é a cambio de que os empresarios renuncien a obter unha certa marxe de beneficios ou que parte deses beneficios sexan investidos en crear emprego é unha total e absoluta falacia. É difícil entender que ese tipo de propostas provenían de dúas organizacións sindicais pois parece que se poñen máis do lado do capital que da clase traballadora.

Fronte a isto, a CIG defende ir pola vía contraria: fomentar políticas de rendas que favorezan o incremento dos salarios dos traballadores/as para facilitar o consumo e a recuperación da actividade económica xunto cunhas políticas fiscais que graven o capital, a banca, ás grandes fortunas e ás rendas máis altas para favorecer o incremento dos ingresos do Estado e que este teña capacidade para facer investimento produtivo, gasto social e creación de emprego.

**O acordo en Telefónica: rebaixa salarial e reparto de beneficios para os accionistas**

**O convenio 2011-2013 só garante o 1% de suba na masa salarial (0.7 en táboas)**

Se o IPC oficial é superior e, en función do OIBDA (parámetro que controla a empresa), poderá haber unha revisión salarial que no mellor dos casos chegará ao dato oficial do IPC. A paga de produtividade (se o OIBDA o permite) xa non será consolidable.

**Estamos ante unha auténtica rebaixa salarial para os traballadores/as ao mesmo tempo que se fará un reparto histórico de dividendos entre os accionistas ou se lles darán millóns a esgalla aos directivos da empresa.**

Compostela 25 de agosto de 2011